



3 A proposta do SLG: Unha PAC ao servizo das persoas e do territorio

A Política Agraria Común é un fracaso non só na Galiza, senón en toda Europa. Cada tres minutos desaparece unha granxa na UE. E o obxectivo de equiparar as rendas das persoas labregas á media de cada Estado tampouco se conseguiu.

Aínda que o modelo fracasou, a PAC no fondo non ten previsto cambiar. Os nosos políticos e as nosas políticas seguen apostando pola mesma PAC pero con novas obrigas burocráticas e produtivas disfrazadas de conservación ambiental e adaptación ao cambio climático.

Esta reforma tamén vai afectar a regulación dos mercados, o dereito da competencia, a intervención pública e privada, as organizacións de produtores/as, as variedades de uva que podemos plantar, as prácticas enolóxicas, a etiquetaxe como carne ou leite de alimentos ultraprocesados que non son carne nin leite, etc. Cando sexamos quen de dedicarlle tanto tempo a estas cuestións como ás subvencións, cambiaremos a Política Agraria Común. Mentres tanto, todo seguirá igual.

Na Galiza, semella que sempre estamos tentando adaptarnos ás esixencias dos modelos impostos desde Madrid e Bruxelas. Ao final, somos as máis europeas pero tamén das que menos cobramos no Estado, aínda que pareza que cobramos moito; igualmente, somos un dos territorios onde máis explotacións desaparecen, punteiros en aspectos como ter unha menor superficie agraria útil ou as granxas con menor acceso á terra e, como non, dos que destacamos por ter unha das maiores superficies dedicadas a cultivos forestais para ser unha despensa de madeira barata... pero aquí seguimos.

Galiza: O parruliño feo da PAC en España

O certo é que Galiza vai ao revés do que acontece no resto do Estado e no resto da UE. Algúns datos para ilustralo:

- España tivo un descenso do 12% na afiliación ao Sistema Especial de Traballadoras Autónomas Agrarias (SETA). Galiza lidera esa baixada cun descenso do 36%.
- España ten moitísimas máis persoas que cobran a PAC (693.807) que afiliadas ao SETA (261.772). Galiza é a única comunidade do Estado que ten menos persoas que solicitan PAC (26.805) que afiliadas ao SETA (29.013).
- España ten un importe medio de pago básico por beneficiaria/o de 4.011 euros. En Galiza temos un pago básico medio de 2.699 €.

- Temos un 21% de superficie agraria útil respecto da totalidade do noso territorio, a porcentaxe máis baixa de todo o Estado.
- Galiza ten unha porcentaxe de superficie forestal respecto ao seu territorio do 69%, a mesma que países nórdicos onde non hai unha agricultura forte debido ao clima, como Finlandia ou Suecia.
- O Valor Engadido Neto de Explotación en Galiza no ano 2017 foi de 26.846 euros. No conxunto do Estado a media foi de 45.695.

E aquí seguimos producindo leite, carne, viño, hortalizas, patacas. Ás veces parece que con todo en contra, feito digno de estudo e merecedor dun premio por seguir termando da produción alimentaria na Galiza.

Que facer, entón, diante da reforma da PAC?

Con esta nova reforma as preguntas que deberiamos facernos son:

- **Vaise falar de prezos e/ou de negociación colectiva dos mesmos?** A resposta é que non.
- **Os cartos van ir para as explotacións familiares, de persoas que viven no rural, ambientalmente responsables?** A maior parte, non.
- **Os ecoesquemas, o pacto verde, a estratexia da granxa a mesa, a bioeconomía, a economía circular, van servir para frear a desaparición dos labregos e das labregas, loitar contra o cambio climático?** Parécenos que, tal e como está deseñados, tampouco.

Se queremos cambiar esta Política Agraria Común, deberiamos esixir cando menos:

1. A PAC ten que falar de **prezos xustos** que cubran custes de produción e a remuneración do traballo.
2. **Unha verdadeira simplificación da PAC:** Case ninguén entende a PAC na súa totalidade e é moi difícil e cara de xestionar (para as distintas administracións e para nós).
3. Dotar de contidos o **Regulamento da Organización Común de Mercados** e dotalo das ferramentas necesarias para a regulación de mercados e o control das producións.
4. Unha Política Agrícola Común que revise a súa política comercial respecto á **Organización Mundial do Comercio (OMC) e os acordos bilaterais (TTIP, CETA, EUROMED, MERCOSUR...)**. Todos os pobos deben poder garantir o seu dereito á alimentación no marco da soberanía alimentaria.
5. Apoio decidido en medios humanos e materiais para apoiar a transición cara **sistemas agroecolóxicos**, socialmente xustos e ambientalmente responsables.
6. Reducir as subvencións a **unha única axuda por persoa** e non innumerables axudas que fan que a xestión sexa difícil, cara e complexa. É dicir, **eliminar pagos por hectárea, acoplados, desacoplados, por animal, históricos**, e avanzar nun sistema de **pago baseado nunha compensación á renda** para as persoas que producen alimentos, con independencia da orientación produtiva ou localización.

7. Establecemento de **topes reais por persoa e/ou por empresa**, tamén nas axudas aos investimentos. Non son defendibles pagos desorbitados de axudas. Os topes que hai agora non son reais e dos que falan para o futuro tampouco.

8. **Asegurar un mínimo relevo xeracional**. Co nivel de destrución de explotacións e de afiliacións ao SETA que temos na Galiza, debería ser unha das máximas preocupacións da sociedade. O obxectivo debería ser un incremento das persoas labregas na Galiza e o recoñecemento do seu papel na produción de alimentos e na conservación do territorio.

9. Asegurar, con PAC ou sen PAC, un **incremento da Superficie Agraria Útil**. Non nos podemos permitir tampouco perder unha soa hectárea máis.

10. Un impulso decidido á **compra pública de produtos locais** e aos **mercados de proximidade**.

Información completa en: <http://www.sindicatolabrego.com/index.php?s=146&i=1719>



Algúns preguntas clave

O que coñecemos ate o de agora da reforma vai no camiño das propostas do Sindicato Labrego Galego e doutras organizacións coas que estamos traballando por un cambio da PAC?
Non.

Pode cambiarse a PAC?

Cando haxa unha base social suficiente e organizada que defenda unha PAC para toda a cidadanía, claro que se pode cambiar.

E que facemos mentres?

O Sindicato Labrego Galego está traballando para dar voz en Europa, no Ministerio de Agricultura e na Consellería de Medio Rural, aos sectores produtivos da Galiza, poñendo sempre enriba da mesa a necesidade de políticas propias adaptadas ao noso territorio, recursos e realidade social.



**sindicato
labrego galego**
comisións labregas